

CADERNOS DE
FRASEOLOXÍA GALEGA

17

2015

ISSN 1698-7861
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA



CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

*A cera que vai... Andar no uen...
a cera. Andar mal do tellado. Andar no uen...
do pan de millo. Botar pan ó caldo. C
or. Cando o
r ó peito (a
a cousa a g
ar. Deus é b
na tres nun
a Babia. Es
sempre dá
a e mercalo
n buxo. Ga
ritas a un. F
unha cesta.
ar por medi
u. Molla-la
e me dá na v
Non ser cu
a auga do
Pilla-lo aire
porta e a a
uisito do ga
(a alguén). S
ores de ont
de casa gra
de dubiaas a...
nitas que poñen fóra. Ser da primeira upar...
de cocer en branco. Ser un can me*

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 17

2015

ISSN 1698-7861

Santiago de Compostela

Edita Xunta de Galicia

Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística

VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ

Coordinador científico do CIRP

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Lingüística

GUILLERMO ROJO SÁNCHEZ

Rúa de San Roque, 2. 15704 Santiago de Compostela.

Tfno. +34 881996152

Fax. +34 981 542 553

Enderezo electrónico

paremias@cirp.es

<http://www.cirp.es>

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2015. (Véxase a pág. 308).

Autor Varios

Título Cadernos de fraseoloxía Galega 17, 2015

Periodicidade Anual.

ISSN: 1698-7861 (Cadernos de fraseoloxía Galega)

ISSN: 1698-787X (Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

D.L. C 467-2015

Imprime: Agencia Gráfica

Cadernos de fraseoloxía Galega aparece nos seguintes repertorios bibliográficos: CARHUS, CIRBIRC, DICE, DIALNET, DULCINEA, ISOC, LATINDEX, LINGUISTIC BIBLIOGRAPHY ONLINE, MIAR, MLA, REBIUN e SUDOC-ABES e pode lerse en tódalas bibliotecas das Universidades de España e Portugal. Aparece, ademais, no elenco bibliográfico da revista *Proverbium* (The University of Vermont). Recíbena máis de 100 fraseólogos de todo o mundo.

Pasados seis meses da edición en papel tódolos números poden descargarse íntegros en formato PDF de <http://www.cirp.es>, a onde manteñen ligazóns EUROPHRAS (europhras.org/), o Instituto Cervantes (<http://www.letrasgalegas.org/>) e diversos Organismos Universitarios (coma tal Biblos-e Archivo).

A presentación, a revisión por pares anónimos, a aceptación de orixinais nesta revista e as condicións de copyright seguen estándares internacionais que se detallan nas Normas (páxs. 307-310).



CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 17

2015

ISSN: 1698-7861
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

Directora: M^a Isabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela)
Secretaria: Vanesa Fernández Pampín (Universidade de Santiago de Compostela)

CONSELLO CIENTÍFICO

Margarita Alonso Ramos (Universidade da Coruña)
María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Patricia Buxán Otero (Universidade de Vigo)
Javier Calzacorta Elorza (Euskaltzaindia. Real Academia de la Lengua Vasca)
Maria Conca i Martínez (Universitat de València)
Germán Conde Tarrío (Universidade de Santiago de Compostela)
Gloria Corpas Pastor (Universidad de Málaga)
Stefan Ettinger (Universität Augsburg)
Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
José Enrique Gargallo Gil (Universitat de Barcelona)
Xosé María Gómez Clemente (Universidade de Vigo)
Luis González García (Universidade da Coruña)
Ángel Iglesias Ovejero (Université d'Orléans)
Hugo Kubarth (Karl-Franzens-Universität Graz)
M. Carmen Losada Aldrey (Universidade de Santiago de Compostela)
Ottavio Lurati (Universität Basel)
Joan Martí i Castell (Institut d'Estudis Catalans)
Wolfgang Mieder (University of Vermont)
Carmen Mellado Blanco (Universidade de Santiago de Compostela)
Valerii Mokienko (Sankt-Peterbúrgskii Gosudárstvennii Universitet)
Károly Morvay (Universidade Eötvös Loránd de Budapest)
António Nogueira Santos (Portugal)
Julia Sevilla Muñoz (Universidad Complutense de Madrid)
Gerd Wotjak (Universität Leipzig)
Alberto Zuluaga Ospina (Universität Tübingen)

CONSELLO DE REDACCIÓN

María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Andrea Expósito Loureiro (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
Vanesa Fernández Pampín (Universidade de Santiago de Compostela)
Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
Carme López Taboada (IES Eusebio da Guarda da Coruña)
Ramón Anxo Martíns Seixo (Escola Oficial de Idiomas de Vigo)
Beatriz Pérez Traseira (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
María do Rosario Soto Arias (IES Eusebio da Guarda da Coruña)

Cadernos de fraseoloxía Galega, revista internacional de investigación fraseolóxica, estuda a fraseoloxía e paremioloxía de calquera lingua do mundo e en calquera dos seus enfoques: estrutural, fraseográfico, tradutolóxico, comparativo e didáctico. Difúndese en Europa, América e África, recíbena todas as universidades de España e Portugal e, pasados seis meses, é de acceso libre na rede [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Admítense orixinais en oito linguas europeas, aínda que a publicación final se fai só en galego, porque esta revista naceu para estimular en Galicia a recolleita e investigación da fraseoloxía galega e universal, porque forma parte do proxecto de ecoloxía lingüística do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades de Santiago de Compostela e porque xenerosamente a apoian os 184 fraseólogos de 24 países diferentes que xa publicaron nela.

Cadernos de fraseoloxía Galega, revista internacional de investigación fraseolóxica, estudia la fraseología y paremiología de cualquier lengua del mundo y en cualquiera de sus enfoques: estructural, fraseográfico, traductológico, comparativo y didáctico. Se difunde en Europa, América y África, la reciben todas las universidades de España y Portugal y, pasados seis meses, es de acceso libre en la red [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Aunque se admiten originales en ocho lenguas europeas, la publicación final se hace sólo en gallego, porque esta revista nació para estimular en Galicia la recogida e investigación de la fraseología gallega y universal, porque forma parte del proyecto de ecoloxía lingüística del Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades de Santiago de Compostela y porque generosamente la apoyan los 184 fraseólogos de 24 países diferentes que ya han publicado en ella.

Cadernos de fraseoloxía Galega, an international yearbook of phraseological research, studies phraseology and paroemiology in any language of the world and from any approach: structural, phraseographical, translational, comparative and didactic. It is spread over Europe, America and Africa and received by all Spanish and Portuguese Universities. After six months, this yearbook is accessible for free on the Internet [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Originals are admitted in eight European languages, despite the final publishing is only in Galician. This yearbook was created to stimulate the compilation and research of phraseology in Galicia—both Galician and universal—, as it is part of the linguistic ecology project of the Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades in Santiago de Compostela. Phraseologists from all over the world support this yearbook, to which 184 from 24 different countries have already contributed.

Cadernos de fraseoloxía Galega, revue internationale de recherche en Phraséologie, étudie la phraséologie et la parémiologie de n'importe quelle langue du monde selon toutes les approches: structurale, phraséologique, traductologique, comparative et didactique. Elle est diffusée dans toute l'Europe, l'Amérique et l'Afrique; elle est envoyée à toutes les universités d'Espagne et du Portugal et, six mois après la parution de ses numéros, elle est en accès libre sur le lien [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Des textes originaux sont admis en huit langues européennes, bien que la publication finale soit faite en galicien, car cette revue est née pour stimuler en Galice la collecte et la recherche de la phraséologie galicienne et universelle. En effet, elle fait partie du projet d'écologie linguistique du Centre Ramón Piñeiro pour la Recherche en Sciences Humaines de Saint-Jacques-de-Compostelle, et elle bénéficie aussi du soutien généreux des 184 phraséologues de 24 pays différents qui ont déjà publié leurs travaux dans cette revue.

Die *Cadernos de fraseoloxía Galega* ist eine internationale phraseologische Forschungszeitschrift, die sich mit der Untersuchung der Phraseologie und Paroemiologie jeder Sprache der Welt beschäftigen, und die verschiedene Ansätze verfolgen: strukturell, phraseographisch, translologisch, komparativ und didaktisch. Sie sind in Europa, Amerika und Afrika verbreitet und an alle spanischen und portugiesischen Universitäten geliefert; nach sechs Monaten, ist die Zeitschrift über das Internet frei zugänglich [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Originale Artikeln sind in acht europäischen Sprachen ausgenommen, auch wenn die endgültige Publikation auf Galicisch ist., da diese Jahrbücher geschaffen wurden, um in Galicien die Sammlung und Forschung der galicischen und universellen Phraseologie zu fördern. Sie gehören zu dem Projekt ökologische Linguistik von dem Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades in Santiago de Compostela. Phraseologen aus aller Welt unterstützen diese Zeitschrift, in der 184 Experten aus 24 Ländern schon etwas beigetragen haben.

Cadernos de fraseoloxía Galega («Тетради по галисийской фразеологии») — это международный журнал, посвященный фразеологическим исследованиям. В нем публикуются материалы по фразеологии и паремиологии любого из языков мира во всех аспектах: структурном, фразеографическом, переводоведческом, сравнительном и дидактическом. Журнал распространяется в Европе, Америке и Африке, его получают все университеты Испании и Португалии. Кроме того, через шесть месяцев после выхода в свет его можно посмотреть на открытом доступе в сети Интернет [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. К печати принимаются оригиналы на девяти европейских языках, однако текст публикуется только на галисийском языке, поскольку этот журнал был создан специально для того, чтобы придать импульс сбору материала и исследованиям в области галисийской и общей фразеологии в Галисии. Данный журнал является частью проекта лингвистической экологии Центра гуманитарных исследований им. Рамона Пинейро в г. Сантьяго-де-Компостела, и его любезно поддерживают 184 фразеологов из 24 стран мира, уже опубликовавших здесь свои статьи.

Índice

ESTUDOS / PAPERS	15
BAQUERO CASTRO, Karen Lorena: <i>As fórmulas rutineiras e as súas relacións de equivalencia na combinación lingüística español-alemán / Routine expressions and their equivalences in Spanish-German linguistic combination</i>	17
LE PODER, Marie-Évelyne: <i>Estudo das unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas dun texto do ámbito dos alimentos funcionais e nutracéuticos dende unha perspectiva tradutora / Study of the terminological and specialized phraseological units from a text in the field of functional food and nutraceuticals from a translator's perspective</i>	51
LÓPEZ FERNÁNDEZ, Laura: <i>Parecias xeocosmolóxicas de predición do tempo en galego e maorí / Geocosmologic paroemias of weather prediction in Galician and Maorí</i>	83
PARINA, Irina: <i>Sinónimos fraseolóxicos no corpus e no dicionario / Phraseological Synonyms in Corpus and in Dictionary</i>	109
RECADÁDIVAS / COMPILATIONS	133
LÓPEZ FERRO, Xosé María: <i>Locucións, fórmulas e parecias do concello das Pontes de García Rodríguez / Idioms, expressions and paroemias from the municipality of As Pontes de García Rodríguez</i>	135
RECENSIÓNS / REVIEWS	179
DURANTE, Vanda (ed.) (2014): <i>Fraseoloxía y Paremioloxía: enfoques y aplicaciones. Por / By Luis González García</i>	181
GÓMEZ GONZÁLEZ, Alba e UREÑA TORMO, Clara (2014): <i>Locuciones y refranes para dar y tomar. El libro para APRENDER más de 120 locuciones y refranes del español. Por / By M. Carmen Losada Aldrey</i>	192
MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2014): <i>Kontrastive Phraseologie Deutsch-Spanisch. Por / By Beatriz Pérez Traseira</i>	195
ORTIZ ÁLVAREZ, María Luisa (org.) (2012): <i>Tendências atuais na pesquisa descritiva e aplicada em Fraseoloxía e Paremioloxía. Por / By Ramón Anxo Martíns Seixo</i>	200
SÁNCHEZ LÓPEZ, Elena (2013): <i>Estudi de la llengua d'Ausiàs March a través de les col.locations. Una aproximació semiautomàtica. Por / By Santiago Vicente Llavata</i>	207

SCHEMANN, Hans; MELLADO BLANCO, Carmen; BUJÁN, Patricia; IGLESIAS, Nely; LARRETA, Juan Pablo e MANSILLA, Ana (2013): <i>Idiomatik Deutsch-Spanisch</i> . Por / By Maria Luisa Ortiz Álvarez e Enrique Huelva Unternbäumen	216
SOARES, Rui João Baptista (2002): <i>Do Ano ao Santo tudo é encanto. Ditos populares ao longo do ano</i> . Por / By Xesús Ferro Ruibal	220
NOVAS / NEWS	223
1. Libros, revistas ou artigos / <i>Books, Journals or Papers</i>	225
1.1. Actas / <i>Proceedings</i>	258
1.2. Recensións / <i>Reviews</i>	258
1.3. Recensionantes / <i>Reviewers</i>	260
2. Congresos, coloquios, asembleas e xornadas / <i>Congresses, Symposiums, Assemblies and Conferences</i>	261
2.1. Congreso EUROPHRAS 2015, Málaga.....	261
2.2. Coloquios Internacionais de Paremioloxía en Tavira (Portugal): 2015	262
2.3. Outros congresos, xornadas ou asembleas do ano 2015 / <i>Other Congresses, Conferences or Assemblies in 2015</i>	262
3. Recursos / <i>Resources</i>	264
3.1. Para dar trela. <i>Manual práctico de fraseoloxía galega</i>	264
4. Proxectos de investigación / <i>Research Projects</i>	264
4.1. <i>Reproducible language units in an interdisciplinary perspective</i>	264
5. Fraseografía espontánea / <i>Spontaneous Phraseography</i>	265
5.1. Ditos e refráns do Valadouro (Lionel Rexes Martínez)	265
5.2. <i>Parucadas</i> : un “dialecto” vivo nacido en Baiona (Amparo Goce Denis)	267
BALANCE / OUTCOME	269
1. Índices de Cadernos de Fraseoloxía Galega / <i>Index of Cadernos de Fraseoloxía Galega</i>	271
1.1. Índices alfabéticos de artigos / <i>Alphabetical index of papers</i>	271
1.2. Índice da sección de Recadávivas / <i>Index of Compilations section</i>	276
1.3. Índice alfabético de recensións / <i>Alphabetical index of reviews</i>	277

1.3.1. Índice alfabético de recensións por autores / <i>Alphabetical index of reviews by authors</i>	277
1.3.2. Índice alfabético de recensións por recensionantes / <i>Alphabetical index of reviews by reviewers</i>	283
1.4. Índice da sección de Novas / <i>Index of News section</i>	287
1.5. Publicacións recibidas na redacción / <i>Publications received in the editorial department</i>	289
2. Índice temático dos dezasete números de Cadernos de Fraseoloxía Galega / <i>Subject index of the seventeen issues of Cadernos de Fraseoloxía Galega</i>	289
3. Procedencia dos autores de Cadernos de Fraseoloxía Galega / <i>Origin of the authors of Cadernos de Fraseoloxía Galega</i>	301
PROCESO E CONDICIÓNS DE ADMISIÓNS DE COLABORACIÓN / SUBMISSIONS PROCESS AND CONDITIONS	307

Estudo das unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas dun texto do ámbito dos alimentos funcionais e nutracéuticos dende unha perspectiva tradutora¹

Study of the terminological and specialized phraseological units from a text in the field of functional food and nutraceuticals from a translator's perspective

Marie-Évelyne Le Poder

Universidad de Granada
lepoder@ugr.es

Resumo: A análise das unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas no ámbito específico dos alimentos funcionais e nutracéuticos dende unha perspectiva tradutora son o obxecto de estudo do presente artigo. O obxectivo xeral consiste en describir e analizar as ditas unidades a partir dun texto deste ámbito en lingua española, que debe ser traducido ao francés, no contexto dunha encomenda de tradución puntual. Polo tanto, a metodoloxía aséntase neste texto, redactado por especialistas e dirixido a especialistas e/ou semi-especialistas, que é a base para a realización de cada unha das etapas metodolóxicas do estudo: observar o encargo de tradución; delimitar as áreas e subáreas temáticas do texto orixe; describir as unidades terminolóxicas e fraseolóxicas deste; ofrecer en detalle os textos comparables seleccionados para a confección dun corpus *ad hoc* e, por último, especificar os equivalentes elixidos a partir dos textos comparables. Cada unha destas etapas contribúe a lograr un produto final eficaz e de calidade para a cultura meta.

Palabras clave: ámbito específico, unidades terminolóxicas, unidades fraseolóxicas especializadas, tradución.

Abstract: The aim of this article is the study of terminological and specialized phraseological units in the specific field of nutraceuticals and functional foods from a translator's perspective. The overall objective is to describe and analyze said units from a Spanish-language text which belongs to said field, which should be translated into French, in the context of a timely translation job. Therefore, the methodology is based on this text, written by specialists and addressed to specialists and/or semi-specialists, which is the basis for the development of each of the methodological stages of the study: First skim through the task of the translation, delimit the thematic areas and subareas of the source text, describe the terminological and specialized phraseological units of the source text, detail the

Data de recepción: 14.10.2015. Data de aceptación: 8.1.2016.

¹ Tradución do texto orixinal en castelán por Beatriz Pérez Traseira.

selected parallel texts for the creation of an ad hoc corpus, and finally specify the equivalents chosen from the parallel texts. By contributing to each of these stages, one can achieve a final product that is efficient and of quality for the target culture.

Keywords: specific field, terminological units, specialized phraseological units, translation.

1. Introducción

Nestes últimos tempos, o desenvolvemento dos estudos, tanto fraseolóxicos como tradutolóxicos, xerou novas investigacións que se interesaron pola análise das unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas no ámbito da tradución. Estas unidades presentes nos textos de contido especializado son unidades lingüísticas que representan os nós de coñecemento destes discursos escritos, xa que son transmisoras do coñecemento dun determinado ámbito nunha situación comunicativa concreta. Por esta razón, son esenciais no proceso de transferencia entre linguas e culturas, debido a que “[...] juegan un papel esencial en la estructuración y redacción del discurso especializado, ya que codifican tanto información conceptual como lingüística” (Montero, Faber e Buendía 2011: 120). Así mesmo, o tradutor debe prestar unha atención particular a estas unidades complexas, que son susceptibles de obstaculizar a comprensión do discurso orixe e a súa posterior transferencia a outra lingua e cultura e, xa que logo, dificultar a produción dun texto meta aceptable na cultura receptora. Por este motivo, interesámonos por elas dende unha perspectiva tradutora. O obxectivo xeral que nos fixamos é describir e analizar as unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas extraídas dun texto especializado do ámbito dos alimentos funcionais e nutracéuticos, que ten por finalidade ser traducido ao francés no contexto dunha encomenda de tradución puntual (ou *ad hoc*).

Dende o punto de vista da estrutura, e antes de chegar á conclusión, este estudo artículase arredor de tres partes: a primeira presenta o marco referencial teórico que o sustenta; a segunda correspóndese co marco referencial metodolóxico aplicado no desenvolvemento do traballo; e a terceira consiste no estudo en si. Concretamente, esta última parte comprende catro seccións: a descrición da encomenda de tradución (texto orixe e texto meta); a descrición das unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas do texto orixe (estrutura léxica de cada unidade identificada, descrición das unidades seleccionadas); a descrición do corpus comparable *ad hoc*; a descrición dos textos comparables para a confección do corpus e a descrición dos equivalentes elixidos a partir dos textos comparables.

2. Marco referencial teórico

A *Teoría Comunicativa de la Terminología* (TCT), na que nos baseamos (Cabré: 1999, 2000), non só considera para o seu estudo os termos ou unidades terminolóxicas (UT), senón tamén diversas unidades que dirixen o coñecemento especializado. Cabré acuña a denominación *Unidades de Conocimiento Especializado* (UCE) para referirse a este conxunto de unidades que exercen as funcións de representación e de transferencia do coñecemento especializado dun determinado ámbito. Estas UCE poden ser unidades da linguaxe natural ou unidades da linguaxe artificial. As unidades da linguaxe natural, concretamente, comprenden as unidades morfolóxicas especializadas (prefixos, sufixos,

formantes), as unidades léxicas especializadas ou unidades terminolóxicas (nomes, verbos, adxectivos, adverbios), e as unidades fraseolóxicas especializadas (nominais, verbais, adxectivais, adverbiais) (Lorente 2002: 165). A táboa seguinte propón exemplos ilustrativos para cada tipo de unidade extraídos do texto orixe:

Unidades morfolóxicas especializadas	<i>-oide (esteroide), -osa (glucosa) hidro- (hidrogenación), bio- (biosíntesis), poli- (polisacáridos) geno- (colágeno)</i>
Unidades léxicas especializadas ou unidades terminolóxicas	<i>dipéptido, macronutriente, micronutriente, fibra alimenticia, reacciones químicas conjugadas, inmunológico, libre aportar, clasificar, describir, elaborar, ingerir, sintetizar, subdividir diariamente, genéricamente</i>
Unidades fraseolóxicas especializadas	<i>procesos de coagulación, proteína de la dieta, hormonas derivadas del colesterol, conferir elasticidad, inhibir la agregación, transmisión del impulso nervioso, proteínas de valor biológico alto, concentración de sodio y potasio, derivados piridínicos interconvertibles</i>

As unidades terminolóxicas son, segundo as define Cabré (2001: 23), unidades de estrutura léxica ou sintáctica de carácter denominativo-conceptual, con capacidade de referencia, que denominan un nodo da estrutura conceptual dun ámbito. Integradas no discurso, poden ser núcleos predicativos ou argumentos dos predicados. En canto ás unidades fraseolóxicas especializadas, Bevilacqua (2004: 28) delimitaas como unidades de significación especializada sintagmáticas que representan as actividades e procesos específicos dun ámbito. Dependén, polo tanto, dunha área temática, caracterízanse por un determinado grao de fixación interna e posúen unha frecuencia relevante nos textos dun ámbito de especialidade.

A “teoría das portas” na que se fundamenta a TCT postula que “[...] objet “terme” est une unité à trois aspects: un aspect sémiotique et linguistique; un aspect cognitif; et un aspect communicatif” (Cabré 2000: 13; 2008: 32), facendo posible, deste xeito, un achegamento multidimensional aos termos. Esta teoría é tamén aplicable ás unidades fraseolóxicas especializadas. Dende a vertente semiótica e lingüística, estas unidades obsérvanse como unidades da lingua natural que deben explicarse a partir da gramática da lingua na que se fai uso delas. Desta forma, partindo das producións escritas dos especialistas, é necesario determinar as variables morfolóxicas, sintácticas, semánticas e funcionais que as singularizan para poder dilucidar o seu valor de unidades especializadas. Dende a vertente cognitiva, estas unidades de expresión e comunicación trátanse como unidades que teñen por función a representación e a transferencia do coñecemento especializado,

facendo posible verificar como se transfere e adquire o coñecemento especializado por medio doutras unidades lingüísticas que non se limitan aos termos. Dende a vertente comunicativa, identifícanse as diversas situacións comunicativas nas que se empregan estas unidades e, polo tanto, os aspectos funcionais (ámbito, temática, tipo de texto, perspectiva dende a que se aborda o tema, finalidade do texto, interlocutores involucrados no acto comunicativo, etc.) que determinan a estrutura e o uso destas unidades.

Este estudo focalízase na vertente lingüística, pois identifícanse as unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas, descríbense as súas características e establécese o seu valor especializado a partir dun texto, aínda que representan e dirixen o coñecemento especializado do ámbito dos alimentos funcionais e nutracéuticos e se empregan nunha situación comunicativa na que o emisor do discurso é un especialista e o receptor deste un especialista ou semi-especialista.

Ademais, insírese dentro da disciplina da tradución, xa que a identificación e descrición das unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas se realiza sobre un texto especializado en español (o texto orixe), que é obxecto de tradución ao francés. Deste xeito, móvese dentro dun espazo descritivo, puntual e bilingüe. “Descritivo” remite ao feito de que as unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas, como obxecto de estudo, se atopan no texto e se analizan *in vivo* nun determinado dominio e situación comunicativa (Buendía, Faber e Montero 2011). É “puntual” (ou *ad hoc*) porque o texto orixe obxecto de tradución almacena unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas que hai que resolver nun tempo limitado polas esixencias establecidas na encomenda de tradución (Buendía, Faber e Montero 2011). É “bilingüe”, xa que, como sinalamos anteriormente, a combinación lingüística involucrada no encargo é español/francés.

A tradución constitúe unha complexa operación de transferencia lingüística entre linguas e culturas e as unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas constitúen un fenómeno lingüístico directamente relacionado con linguas e culturas, que adoitan amosar resistencia ás tentativas de tradución. Este complexo proceso tradutor polo que se interesaron numerosos teóricos comprende distintas fases nas que interveñen coñecementos e habilidades heteroxéneos. O grupo PACTE (Proceso de Adquisición de la Competencia Traductora y Evaluación), baseándose en Jakobsen (2002: 89-103), destaca que existen tres fases principais denominadas “orientación” (lectura, detección de problemas, procura de información, etc.), “desenvolvemento” (a tradución propiamente dita) e “revisión”. Pola súa banda, Nord (1997: 59-60) subliña a importancia da encomenda de tradución que inicia o proceso tradutor e debe acompañar calquera tradución. O obxectivo translativo defínese mediante a encomenda que especifica explícita ou implicitamente a situación comunicativa para a que se precisa o texto meta. O proceso tradutor, que segue un modelo circular, abrangue tres etapas: a primeira consiste en analizar a finalidade do texto meta; a segunda céntrase na análise do texto orixe que permite ao tradutor adquirir unha idea xeral da información que contén e determinar se esa información é compatible co encargo de tradución, a partir dun estudo minucioso de todos os elementos do texto orixe, prestando especial atención a aqueles

elementos textuais que son relevantes en relación co escopo da tradución; a terceira etapa correspóndese coa reexpressión do texto e é a última do proceso tradutor que pecha o círculo. (Nord 1991: 32-35).

A operación de transferencia é habitualmente máis complexa cando o tradutor se enfrenta a estas unidades especializadas que, debido ás súas propias características, engaden opacidade ao contido do discurso que pode obstaculizar a súa comprensión (Mogorrón Huerta, Gallego Hernández, Masseur e Tolosa Igualada 2013). En todo caso, o tradutor deberá empeñarse, primeiro, en identificar o problema para definilo e, segundo, en atopar un equivalente aceptable na lingua meta que permita recrear un discurso o máis natural posible para a cultura receptora; un complexo proceso de translación que supoñerá a realización de distintas fases: identificalas no texto orixe para non caer na tradución literal nin cometer erros de tradución; calibrar as súas peculiaridades estilísticas e establecer a que rexistro pertencen para comprendelas e buscar equivalentes adecuados e atopar unha estrutura equivalente (Poirier 2003). Sobre este último punto, Augado de Cea (2007: 190) opina que “very often one important difficulty resides in finding the right lexical combinations that make the text appear as written by an expert and not by a layman”.

Nesta procura de equivalencia terminolóxica e fraseolóxica é indiscutible a relevancia da elaboración de corpus, que Álvarez Lugeris define como “una colección en soporte digital de elementos lingüísticos seleccionados y ordenados según criterios explícitos con la finalidad de ser usada como muestra de la lengua o de sus usos sociales” (Álvarez Lugeris 2013: 5). A análise destes córpora, tanto comparables como paralelos, é necesaria para determinar patróns recorrentes que sosteñen a elección dun equivalente de tradución. Segundo Corpus, o corpus comparable constitúe un “corpus que, en relación a otro u otros corpus de lenguas distintas, incluyen tipos similares de textos originales. Al haber sido compilados de acuerdo con los mismos criterios de diseño, dichos corpus permiten la equiparación interlingüística de sus elementos integrantes” (Corpus Pastor 2001: 158), mentres que o corpus paralelo é un “corpus formado por una serie de textos en la lengua de origen junto con sus traducciones en una (o varias) lengua(s) meta” (Corpus Pastor 2001: 158).

A equivalencia, segundo a terminoloxía empregada por Corpus (2003), pode ser total, parcial ou nula. No primeiro caso, atópase na lingua meta unha equivalencia total en canto ao sentido e á forma; na segunda situación, identifícase unha equivalencia total en canto ao sentido, pero distinta en canto á forma; e, no último caso, non hai equivalencia na lingua meta e o tradutor vese obrigado a atopar unha perífrase ou propoñer unha tradución funcional.

Tricás (1995: 148-150), pola súa banda, propón unha teoría análoga para a tradución das lexías complexas do francés ao castelán, que se apoia en tres posibles formas de tratamento destes segmentos. A primeira consiste en utilizar unha lexía equivalente en forma e sentido que permite reproducir literalmente o segmento por medio dun segmento simétrico dende o punto de vista morfolóxico e semántico; a segunda, correspóndese co uso dunha lexía equivalente en sentido pero distinta en forma, que implica traducir a semantividade do segmento coa mesma intencionalidade, pero empregando unha

estrutura morfolóxica e semántica distintas; e a terceira refírese á tradución do segmento mediante unha paráfrase debido á imposibilidade de atopar un equivalente; é dicir, que se desarticula a unidade fraseolóxica para transferir só a idea que encerra.

3. Marco referencial metodolóxico

A metodoloxía do traballo aséntase nun texto en lingua española titulado: “Alimentos, nutrición y salud”. Este texto constitúe o módulo 1 do bloque I “Alimentación y Salud” contido no *Experto propio virtual en Alimentos Funcionales y Nutracéuticos* ofertado pola Universidad de Granada (UGR)². Como indica a súa propia web, o dito *Experto*, confeccionado por docentes do Departamento de Química Analítica e do Instituto de Nutrición da UGR, vai dirixido a licenciados/graduados en Química, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Farmacia, Bioquímica, Enxeñería agrónoma, Bioloxía e diplomados/graos en Nutrición Humana e Dietética; e a alumnos que finalizaron o primeiro ciclo das titulacións expostas ou lles queden menos de 30 créditos para a finalización do dito primeiro ciclo ou da diplomatura antes sinalada. Polo tanto, o documento no que se basea o estudo é un discurso no que o emisor é un especialista e o receptor un especialista ou semi-especialista. Forma parte dos 60 módulos, repartidos en cinco bloques, que conforman o *Experto*, e serve de base para o desenvolvemento de cada etapa metodolóxica:

- descrición da encomenda de tradución;
- descrición das unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas do texto orixe;
- descrición do corpus comparable *ad hoc*;
- descrición dos textos comparables;
- descrición dos equivalentes elixidos a partir dos textos comparables.

4. Perspectiva tradutora do estudo

4.1. Descrición da encomenda de tradución

4.1.1. Texto orixe

O texto orixe debe traducirse ao francés con vistas a unha futura impartición do *Experto en Alimentos Funcionales y Nutracéuticos* en países do Magreb e, concretamente, en Marrocos.

No relativo á descrición do texto, Gamero (2001: 51) establece no ámbito das linguaxes de especialidade unha serie de factores para definir e delimitar os xéneros, que nos serven de base no marco deste traballo. Trátase dos trazos convencionais, a función textual, os elementos da situación comunicativa, a influencia do contexto sociocultural e os elementos intratextuais.

² Web do Experto propio en Alimentos Funcionales y Nutracéuticos: [http://cevug.ugr.es/alimentos_funcionales] [30.6.2015].

Os trazos convencionais, tamén denominados trazos textuais ou formais, refírense aos elementos observables do acto comunicativo; é dicir, ás súas características estruturais e aos aspectos intratextuais que amosa, incluíndo o grao de formalidade do discurso, o léxico utilizado, o grao de densidade terminolóxica, o recurso a elementos gráficos non verbais, fotografías, etc. No noso caso concreto, o texto ten unha extensión de 23 páxinas e consta de 5.702 palabras. A información está estruturada en apartados. En función dos seus obxectivos e destinatarios, o texto presenta un alto grao de densidade terminolóxica coa presenza de termos da área de coñecemento á que pertence, como se pode comprobar nos exemplos seguintes: *acción vasodilatadora, síntesis protéica, clasificar lípidos, metabolismo del ácido araquidónico*, etc. A linguaxe empregada é de tipo formal, con marcas cohesivas que contribúen ao bo desenvolvemento da información. Respecto á cohesión léxica, defínense os termos non familiares (*ácido graso trans: ácido graso insaturado que se obtiene mediante hidrogenación en la industria alimentaria para adaptar las grasas y aceites al consumo humano*). O texto é informativo e conciso. Aparece unha fotografía que ilustra as nocións de alimentación e saúde.

En canto á función textual, que é a reacción que o emisor busca producir no receptor, é, en primeiro lugar, informativa, xa que achega coñecementos, nocións e información obxectiva e unívoca e, en segundo lugar, didáctica, pois o texto enmárcase dentro dun dos módulos do *Experto virtual en alimentos funcionales y nutracéuticos*.

Para delimitar a situación comunicativa do texto, retomando a Gamero (2001: 55), consideramos distintos elementos que configuran a dimensión comunicativa do contexto: emisor, receptor, campo, modo e tenor.

A finalidade comunicativa é presentar unha clasificación dos nutrientes e fixar as súas funcións para satisfacer a necesidade de ter unha alimentación variada e equilibrada. Os autores do texto, profesionais e especialistas no tema obxecto do texto, están integrados nun equipo de investigadores procedentes na súa maioría da Universidade de Granada, composto por químicos, biólogos, farmacéuticos, bioquímicos, tecnólogos dos alimentos e enxeñeiros químicos. En canto aos destinatarios, estes son licenciados/graduados en Química, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Farmacia, Bioquímica, Enxeñería Agrónoma, Bioloxía e diplomados/graduados en Nutrición Humana e Dietética, e alumnos que finalizaron o primeiro ciclo das titulacións expostas ou aos que lles resta menos de 30 créditos para finalizar o primeiro ciclo ou a diplomatura antes sinalada. Polo tanto, a comunicación dáse nun contexto especializado.

O contexto sociocultural no que se produce o texto tamén inflúe directamente na súa aparencia final mediante a imposición de convencións.

En referencia aos elementos intratextuais, considerando categorías como o léxico, a sintaxe e a macroestrutura, o texto caracterízase por unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas e a súa macroestrutura artículase ao redor de: título na páxina 1; índice na páxina 2 que consta das divisións do texto en apartados; lecturas recomendadas na páxina 20 e cuestionario de autoavaliación na páxina 23.

No referente á delimitación da área de coñecemento, fundaméntase na nomenclatura internacional da UNESCO para os campos de Ciencia e Tecnoloxía, que presenta unha

clasificación en: campos (comprenden varias disciplinas), disciplinas (correspóndense cos grupos de especialidades) e subdisciplinas (representan as actividades que se realizan dentro dunha disciplina).

Deste xeito, o texto orixe enmárcase dentro do campo das Ciencias Médicas e da disciplina das Ciencias da nutrición. En canto á subdisciplina, esta está relacionada con distintas actividades: deficiencias alimentarias, necesidades alimenticias, elementos minerais na alimentación, nutrientes, valor nutritivo, oligoelementos na nutrición e vitaminas.

Este interese por levar a cabo unha investigación ao redor de unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas presentes nun discurso do dominio dos alimentos funcionais e nutracéuticos xustifícase por dúas razóns principais: primeiro, o auxe deste ámbito, xa que nestes últimos anos as tendencias mundiais en materia de alimentación amosan un interese dos consumidores en determinados alimentos que se caracterizan polo seu valor nutritivo pero, sobre todo, polos seus beneficios para a saúde; é dicir, en alimentos funcionais e nutracéuticos. Segundo, a posibilidade de novas saídas para o mercado da tradución.

4.1.2. Texto meta

As funcións do texto meta derívanse das do texto orixe. Son funcións de índole comunicativa e didáctica. O texto orixe insírese nos contidos do *Experto Propio en Alimentos Funcionales y Nutracéuticos* da Universidade de Granada e o texto meta inclúese nos contidos do dito *Experto* en versión francesa.

Os seus receptores teñen un perfil similar ao do texto orixe: licenciados/graduados en Química, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Farmacia, Bioquímica, Enxeñería Agrónoma, Bioloxía e diplomados/graduados en Nutrición Humana e Dietética.

En canto ao cliente da tradución, é o equipo directivo do *Experto* quen desexa unha tradución cara ao francés para a impartición do *Experto* en Marrocos.

4.2. Descrición das unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas do texto orixe

4.2.1. Consideracións previas

As unidades presentes nos textos especializados expoñen problemas para a súa delimitación formal, unha cuestión pola que se interesaron varios autores. Lorente (2002: 163-164), entre outros, fai fincapé na complexidade de distinguir formalmente entre os termos sintagmáticos e calquera outra combinación de palabras que, resultado da sintaxe da lingua, non constitúe unha peza léxica en si, pois non é unha unidade terminolóxica. Neste sentido, proporciona unha serie de criterios para axudar a dilucidar se un segmento léxico equivale a un termo, é dicir, a unha unidade terminolóxica que representa un nodo de coñecemento na estrutura conceptual do ámbito especializado con valor referencial e carácter denominativo (Bevilacqua 2004: 16), ou se se corresponde cunha combinación de termos:

- é imposible inserir outros elementos lingüísticos no interior do sintagma terminolóxico;
- non se pode complementar separadamente ningunha das partes do conxunto;

- pódese substituír o conxunto por un sinónimo;
- posúe un antónimo na mesma especialidade;
- a frecuencia de aparición do mesmo sintagma terminolóxico nos textos dunha determinada especialidade é alta;
- noutras linguas o sintagma en cuestión é unha soa unidade lexemática;
- o significado do conxunto non se deduce do significado dos elementos que o forman.

En canto á delimitación das unidades fraseolóxicas especializadas, Bevilacqua (2004: 30-31) fixa os criterios seguintes tendo en conta unha serie de trazos clave:

- a presenza dunha unidade terminolóxica;
- a estabilidade sintáctica, isto é, que existe un determinado grao de fixación nas estruturas morfosintácticas das UFE;
- a estabilidade semántica, determinada pola relación establecida entre os elementos que compoñen a unidade;
- o índice relevante de frecuencia nos textos dun ámbito especializado;
- o seu uso nun ámbito especializado.

Os fragmentos do texto orixe que se mostran a continuación ao redor da unidade terminolóxica *desmineralización ósea* e a unidade fraseolóxica especializada *actuar como antioxidante* ilustran a aplicación dos mencionados criterios de identificación: “Es por esto que la falta de esta vitamina puede producir raquitismo en niños u osteomalacia en adultos, enfermedades caracterizadas por una *desmineralización ósea* y, por consiguiente, una mayor fragilidad de los huesos. Se encuentra fundamentalmente en leche y huevo” (páx. 15). “Manganeso: Contribuye a la formación del hueso, *actúa como antioxidante* y regula el metabolismo de macronutrientes” (páx. 18).

Nestes exemplos, como afirman Lorente *et al.* (1998), apréciase que “[...] los sintagmas nominales son los candidatos a termos por excelencia, por su tendencia a la lexicalización cuando designan, y que en cambio, el resto de sintagmas (verbales, adverbiales, adjetivos y preposicionales) difícilmente llegan a lexicalizarse, por lo que son excelentes candidatos a unidades fraseológicas”.

4.2.2. Estrutura léxica das unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas identificadas

A análise da estrutura léxica das unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas fíxose mediante o uso do programa de análise textual Wordsmith Tools (WST). Concretamente, *Concord* facilitou a produción de concordancias e de *listing* de aparición en contexto de palabras formadas por unha soa ou varias unidades. Identificáronse 277 unidades no texto orixe, das que 131 son unidades terminolóxicas (o 47,29 % do total) e 146, unidades fraseolóxicas especializadas (o 52,70 % do total). Á súa vez, as 146 unidades fraseolóxicas compoñense de 47 unidades de núcleo verbal (o 32,19 %), 98 unidades de núcleo nominal (o 67,12 %) e 1 unidade de núcleo preposicional (o 0,68 %), presentando cada unha destas categorías distintos patróns morfolóxicos. Así, por

exemplo, as unidades de núcleo verbal mostran unha tipoloxía variada: V + N; V + SP ou V + SA; as unidades de núcleo nominal tamén indican estruturas heteroxéneas: N + SP; N + Sintagma Participial + SP; SN + A; SN + SA; SN + SP; SN + A.

A Táboa 1 indica a estrutura morfolóxica das unidades terminolóxicas atopadas coa expresión da súa relevancia en cifra e porcentaxe, acompañada dun exemplo.

Estrutura morfolóxica	Número de unidades e porcentaxe	Exemplo ilustrativo
<i>N + A</i>	<i>131 (o 47,29 %)</i>	<i>osmolaridad intracelular</i>

Táboa 1. Estrutura morfolóxica das unidades terminolóxicas

Do mesmo xeito, a Táboa 2 sinala as estruturas morfolóxicas das unidades fraseolóxicas especializadas identificadas coa expresión da súa relevancia en cifra e porcentaxe, acompañada de exemplos ilustrativos.

Estrutura morfolóxica	Número de unidades e porcentaxe	Exemplos ilustrativos
<i>Unidades de núcleo verbal</i> - <i>V + N</i> - <i>V + SP</i> - <i>V + SA</i>	<i>(o 32,19 %)</i>	- <i>conferir elasticidad</i> - <i>alimentarse para vivir</i> - <i>actuar como antioxidante</i>
<i>Unidades de núcleo nominal</i> - <i>N + SP</i> - <i>N + SP (de estrutura complexa: SP composto por P + SN, onde SN é N + A)</i> - <i>N + SP (de estrutura complexa: SP composto por P + SN, onde SN é SN + A)</i> - <i>N + SP (de estrutura complexa por coordinación)</i> - <i>N + Sintagma Participial composto por Participio + SP</i> - <i>SN + A, onde SN está composto por N + A</i>	<i>98 (o 67,12 %)</i>	- <i>precursor de prostaglandinas</i> - <i>alteración de la respuesta inmune</i> - <i>colágeno del tejido conjuntivo fibroso</i> - <i>conceptos de alimentación y nutrición</i> - <i>hormonas derivadas del colesterol</i> - <i>ácidos grasos monoinsaturados</i>

<ul style="list-style-type: none"> - SN + SA, onde SA está composto por A + SP - SN + SP (SP estrutura complexa constituído por P + SN) - SN + A - SN + SA, onde SA es A + SP 		<ul style="list-style-type: none"> - albúminas solubles en agua - secreciones endógenas del tracto digestivo - estado de salud óptimo - proteínas fibrosas resistentes a las enzimas
Unidade de núcleo preposicional	(o 0,68 %)	- en cantidades traza

Táboa 2. Estructuras morfolóxicas das unidades fraseolóxicas especializadas

4.2.3. Descripción das unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas seleccionadas

Seleccionamos 10 unidades tendo en conta os problemas de tradución que poden xurdir á hora de propoñer equivalentes en francés. A Táboa 3 amosa unha clasificación destas unidades en función dos problemas identificados:

Clasificación das unidades en función dos problemas xerados
<p><i>Varios equivalentes posibles (considerar o rexistro do texto meta)</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - alteración de la respuesta inmune - en cantidades traza - degeneración de los tubos seminíferos - frecuencia de las deposiciones - potenciar la acción de la insulina - regular el Ph
<p><i>Adaptación ortográfica</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - ácido eicosapentaenoico - maduración de eritrocitos
<p><i>Busca complexa de equivalentes</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - aminoácidos azufrados
<p><i>Uso metafórico</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - almacenarse en el tejido (adiposo)

Táboa 3. Clasificación das unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas

En relación coas unidades: “alteración de la respuesta inmune”, “en cantidades traza”, “degeneración de los tubos seminíferos”, “frecuencia de las deposiciones”, “potenciar la acción de la insulina” e “regular el pH” poden dar lugar a varios equivalentes posibles

e, polo tanto, haberá que escoller a variante sociolectal adecuada segundo o rexistro do texto meta.

Pola súa banda, as unidades “ácido eicosapentaenoico” e “maduración de eritrocitos” son susceptibles de xerar problemas de adaptación ortográfica ao francés.

A unidade “aminoácidos azufrados” é problemática debido á busca complexa dun equivalente para o elemento “azufrados”, parte constitutiva da unidade “aminoácidos azufrados”, o que non é o caso de “aminoácidos” que figura en calquera base de datos.

En canto a “almacenarse en el tejido (adiposo)”, a dificultade de tradución da unidade provén dun uso metafórico.

A continuación, propoñemos una descripción de cada unha (esquema adaptado de Buendía, Faber e Montero 2011: 225).

A lingua orixe das unidades é a lingua española, xa que todas proceden do texto do “Módulo 1 Alimentación, nutrición y salud” e o seu ámbito xeográfico de uso é España. Os demais elementos considerados para a súa descripción son: o contexto, a categoría gramatical, a estrutura léxica e o xénero.

(1) *ácido eicosapentaenoico*

Contexto: “Ácidos grasos ω 3: esta familia deriva del ácido alfa linolénico (ALA) y está formado por el ALA, el ácido eicosapentanoico (EPA) y ácido docosahexanoico (DHA).” (páx. 8)

Categoría: unidade terminolóxica

Estrutura léxica: N + A

Xénero: masculino

(2) *almacenarse en el tejido (adiposo)*

Contexto: “Además forman las bicapas lipídicas de las membranas celulares (función estructural) así como actúan como protectores térmicos y mecánicos (tejido adiposo en las plantas de pies y manos) ejerciendo de aislantes *almacenándose en el tejido adiposo.*” (páx. 8)

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo verbal

Estrutura léxica: V + SP

(3) *alteración de la respuesta inmune*

Contexto: “Por esto se la asocia con la prevención de diversas patologías como cáncer, cataratas, diabetes, *alteración de la respuesta inmune*, alzheimer, o anomalías del sistema neuromuscular.” (páx. 12)

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo nominal

Estrutura léxica: N + SP (con estrutura complexa do SP composto por P + SN, onde SN é N + A)

Xénero: feminino

(4) *aminoácidos azufrados*

Contexto: “Molibdeno: Actúa como cofactor de enzimas en el metabolismo de pirimidinas, purinas y *aminoácidos azufrados*.” (páx. 18)

Categoría: unidade terminolóxica

Estrutura léxica: N + A

Xénero: masculino

(5) *degeneración de los tubos seminíferos*

Contexto: “Además su deficiencia puede producir alteraciones en la piel, disminución del peso, petequias y hemorragias, degeneración de los tubos seminíferos y fallos en la reproducción, cambios en las membranas y aumento del colesterol hepático.” (páx. 8)

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo nominal

Estrutura léxica: N + SP (con estrutura complexa do SP: P + SN, onde SN é N + A)

Xénero: feminino

(6) *en cantidades traza*

Contexto: “MICRONUTRIENTES: los nutrientes que nuestro cuerpo necesita ingerir [...] *en cantidades traza* que son imprescindibles para el buen funcionamiento del organismo.” (páx. 12)

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo preposicional

Estrutura léxica: P + SN

(7) *frecuencia de las deposiciones*

Contexto: “En conjunto, algunos de los efectos fisiológicos que presenta es el aumento de saciedad, aumento del bolo fecal y de la velocidad de tránsito ayudando a absorber agua, pudiendo actuar como laxante, aumentando la *frecuencia de las deposiciones*, es capaz de absorber diversas sustancias como el colesterol [...]” (páx. 5)

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo nominal

Estrutura léxica: N + SP

Xénero: feminino

(8) *maduración de eritrocitos*

Contexto: “Cianocobalamina (B₁₂): Es esencial para en el metabolismo de todas las células, especialmente en las del tubo digestivo, médula ósea y tejido nervioso,

participando en la síntesis de DNA, metabolismo de algunos aminoácidos, *maduración de eritrocitos*, metabolismo del ácido fólico [...].” (páx. 14)

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo nominal

Estrutura léxica: N + SP

Xénero: feminino

(9) *potenciar la acción (de la insulina)*

Contexto: “Además algunos de los complejos que forma *potencian la acción de la insulina*, por lo que se les conoce como factor de tolerancia a la glucosa.” (páx. 18)

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo verbal

Estrutura léxica: V + N

(10) *regular el pH*

Contexto: “Sodio: *Regula* la osmolaridad extracelular, el volumen de fluidos y *el pH*.” (páx. 16)

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo verbal

Estrutura léxica: V + N

4.3. Descrición do corpus comparable *ad hoc*

As necesidades de documentación do tradutor especializado difíren das doutros profesionais involucrados no proceso de produción e difusión de información especializada. A súa principal responsabilidade consiste en divulgar información especializada salvando barreiras lingüísticas e culturais e, por tanto, as súas necesidades afectan en gran parte ao lingüístico, ao textual e ao comunicativo (Mayoral Asensio 1999: 19). Neste sentido, esíxeselle un uso moi conciso das denominacións especializadas, así como dun estilo adecuado aos requisitos da comunicación especializada (Mayoral Asensio 1999: 8), que implica recorrer a procedementos de documentación. Sobre este punto, a dispoñibilidade de textos comparables permite elixir solucións de tradución orientadas cara á cultura da tradución, adoptar formatos desta cultura ou utilizar unidades de tradución maiores. Así mesmo, como destaca Fernández Rodríguez (2013: 37), a elaboración de corpus é indispensable para garantir a existencia dos termos, así como o seu emprego por parte dos especialistas.

A Táboa 4 que proporcionamos a continuación mostra a extensión e a tipoloxía das fontes que constitúen o noso corpus:

Recurso	Tipo	Número de páxinas
<i>Acides gras poly-insaturés (oméga 3, oméga 6) et fonctionnement du système nerveux central</i>	Texto formato pdf	18
<i>Anthropologie biologique</i>	Libro	763
<i>La grippe: conceptions actuelles</i>	Libro	156
<i>Alimentation et équilibre acido-basique</i>	Texto formato pdf	8
<i>Reprovigilance</i>	Texto formato pdf	6
<i>Preuve par l'ADN. La génétique au service de la justice</i>	Libro	355
<i>Les troubles fonctionnels digestifs ou syndrome de l'intestin irritable</i>	Páxina web	1
<i>Anémie description médicale</i>	Texto formato pdf	16
<i>Diabète, sport et activité physique: trouver le juste équilibre</i>	Páxina web	1
<i>Troubles de l'équilibre acido-basique et désordres hydroélectriques</i>	Texto formato pdf	46

Táboa 4. Extensión e tipoloxía das fontes do corpus

4.4. Descrición dos textos comparables

Nesta fase, concretamente, selecciónanse textos comparables en francés en relación con cada unha das unidades escollidas para o desenvolvemento deste traballo. Sobre os criterios de selección de fontes terminográficas e documentais para a tradución especializada, entre outros, Mayoral (1996: 34-35) fai referencia a parámetros específicos que constitúen a base do criterio de selección dos textos que incidirá de xeito decisivo no resultado final da tradución. Os criterios considerados son: a fiabilidade, pois non todas as fontes merecen a mesma confianza; a autoridade, que é un dos elementos que contribúe a definir a fiabilidade, xa que permite valorar se a información facilitada é veraz e fiable, tendo en conta quen é o autor da fonte: un experto?, unha institución de prestixio?, etc.; a accesibilidade, que condiciona a idoneidade do recurso; a data de publicación do documento tamén é relevante debido a que, como mencionamos con anterioridade, a investigación no ámbito dos alimentos funcionais e nutracéuticos está en auge e, polo tanto, é de esperar que os neoloxismos formais, semánticos e conceptuais se produzan a gran velocidade, dando lugar a novas denominacións que virán recollidas nos documentos máis recentes e cuxa consulta é clave para lograr un produto final preciso e de calidade; os destinatarios, que axudan a delimitar a súa situación comunicativa e,

polo tanto, a deducir se é interesante ou non no contexto da encomenda de tradución; a orixinalidade, tendo en conta que as fontes redactadas directamente na lingua meta son as máis fiables.

Exponse a continuación a descrición dos textos comparables (adaptado de Buendía, Faber e Montero 2011: 228).

(1) *ácido eicosapentaenoico*

Título do recurso: Acides gras poly-insaturés (oméga 3, oméga 6) et fonctionnement du système nerveux central

Tipo de texto: texto formato pdf

Autoría do texto: Monique Lavalie e Sophie Layé

Actualidade do texto: 2010

Destinatarios: expertos/as en agricultura e alimentación

Obxectivos do texto: poñer de relevo a importancia dos ácidos graxos poliinsaturados na alimentación para un funcionamento óptimo do cerebro e evitar disfuncións metabólicas, fisiolóxicas e comportamentais.

Texto orixinal / tradución: orixinal

URL:

[<http://www6.inra.fr/ciag/Revue/Volumes-publies-en-2010/Volume-10-Novembre-2010>]

(2) *almacenar en el tejido (adiposo)*

Título do recurso: Anthropologie biologique

Tipo de texto: libro

Autoría do texto: Charles Susanne, Esther Rebato, Brunetto Chiarelli.

Actualidade do texto: 2003

Destinatarios: expertos/as en antropoloxía biolóxica

Obxectivos do texto: presentar un panorama do ámbito da antropoloxía biolóxica.

Texto orixinal / tradución: orixinal

URL:

[<https://books.google.fr/books?id=d5hfPZ8YMXcC&pg=PA610&lpg=PA610&dq=s%C2%B4accumule+dans+le+tissu+adipeux&source=bl&ots=rxogdEhckT&sig=j9wX-plJKU5iDtdnO4t1VuZSH1K0&hl=es&sa=X&ved=0ahUKEwj3kYWy57fJAhWFO-BoKHcH5CYM4ChDoAQhDMAY#v=onepage&q=s%C2%B4accumule%20dans%20le%20tissu%20adipeux&f=false>]

(3) *alteración de la respuesta inmune*

Título do recurso: La grippe: conceptions actuelles

Tipo de texto: libro

Autoría do texto: Claude Hannoun, Paul Léophonte e Dominique Peyramond

Actualidade do texto: 2003

Destinatarios do texto: expertos/as en patoloxía infecciosa e tropical

Obxectivos do texto: centrarse no virus da gripe e na súa epidemioloxía.

Texto orixinal / tradución: orixinal

URL:

[<https://books.google.fr/books?id=irp19d1COqcC&pg=PA76&lpg=PA76&dq=alt%C3%A9ration+des+m%C3%A9canismes+de+d%C3%A9fense&source=bl&ots=WxUwf2hQFK&sig=ApJXJ4yhOzgdu9O4t2rV4u1627k&hl=es&sa=X&ved=0ahUKEwi07fiXwLPJAhXCLhoKHbgtAbwQ6AEIODAI#v=onepage&q=alt%C3%A9ration%20des%20m%C3%A9canismes%20de%20d%C3%A9fense&f=false>]

(4) *aminoácidos azufrados*

Título do recurso: Alimentation et équilibre acido-basique

Tipo de texto: texto formato pdf

Autoría do texto: Christian Demigné, Marie-Jeanne Davicco e Véronique Coxam (nutricionistas)

Actualidade do texto: 2013

Destinatarios do texto: expertos/as en alimentación e metabolismo

Obxectivos do texto: proporcionar unha descrición das relacións entre alimentación e saúde.

Texto orixinal / tradución: orixinal

URL:

[<http://www.alimentation-sante.org/wp-content/uploads/2013/05/Etat-des-lieuxAlimAB.pdf>]

(5) *degeneración de los tubos seminíferos*

Título do recurso: *Reprovigilance*

Tipo de texto: texto formato pdf

Autoría do texto: F. Testud

Actualidade do texto: 2010

Destinatarios do texto: expertos/as en medicina e farmacia

Obxectivos do texto: alertar dos riscos dos produtos fitosanitarios no organismo.

Texto orixinal / tradución: orixinal

URL:

[http://www.centres-antipoison.net/lyon/Vigitox43/Vigitox_N43.pdf]

(6) *en cantidades traza*

Título do recurso: Preuve par l'ADN. La génétique au service de la justice

Tipo de texto: libro

Autoría do texto: Raphaël Coquoz, Franco Taroni

Actualidade do texto: 2006

Destinatarios: público universitario

Obxectivos do texto: focalizarse na análise do ADN.

Texto orixinal / tradución: orixinal

URL:

[https://books.google.fr/books?id=Tk0Pvve4AAIC&pg=PA167&lpg=PA167&dq=en+quantit%C3%A9s+de+traces&source=bl&ots=J_fLDP4Hwo&sig=4E0SjJr5z9rON-Qin-g_tgWin8QY&hl=es&sa=X&ved=0ahUKEwi4iYmsw7PJAhWH1RoKHbk9C6A-Q6AEIOzAI#v=onepage&q=en%20quantit%C3%A9s%20de%20traces&f=false]

(7) *frecuencia de las deposiciones*

Título do recurso: Les troubles fonctionnels digestifs ou syndrome de l'intestin irritable

Tipo de texto: páxina web

Autoría do texto: Equipo de Dirección da revista

Actualidade do texto: 2015

Destinatarios do texto: médicos

Obxectivos do texto: describir os trastornos funcionais dixestivos.

Texto orixinal / tradución: orixinal

URL:

[<http://www.repere-medical.com/article-387.html>]

(8) *maduración de eritrocitos*

Título do recurso: Anémie description médicale

Tipo de texto: texto formato pdf

Autoría do texto: Véronique-Kairava Bilodeau

Actualidade do texto: 2007

Destinatarios do texto: médicos/as

Obxectivos do texto: presentar unha descrición médica da anemia.

Texto orixinal / tradución: orixinal

URL:

[<http://www.cpoq.org/pathologies/fichiers/ANEMIE.pdf>]

(9) *potenciar la acción (de la insulina)*

Título do recurso: Diabète, sport et activité physique: trouver le juste équilibre

Tipo de texto: páxina web

Autoría do texto: a dirección

Actualidade do texto: 2014

Destinatarios do texto: médicos e diabéticos/as

Obxectivos do texto: axudar os diabéticos/as a vivir mellor coa súa enfermidade.

Texto orixinal / tradución: orixinal

URL:

[<https://www.dinnosante.fr/fre/33/sport/diabete-sport-et-activite-physique-trouver-le-juste-equilibre>]

(10) *regular el pH*

Título do recurso: Troubles de l'équilibre acido-basique et désordres hydroélectriques

Tipo de texto: texto formato pdf

Autoría do texto: N. Bruder, C. Guidon, B. Dussol

Actualidade do texto: 2006

Destinatarios do texto: estudantes de medicina

Obxectivos do texto: interpretar un exame de gases e un ionograma en sangue nun contexto clínico, así como saber diagnosticar e tratar unha acidose.

Texto orixinal / tradución: orixinal

URL:

[<http://medidacte.timone.univ-mrs.fr/webcours/Comite-etudes/ItemsENC/sitelocal/disciplines/niveaudiscipline/niveaumodule/Item219/leconimprim.pdf>]

4.5. Descripción dos equivalentes elixidos a partir dos textos comparables

(1a) Texto orixe: *ácido eicosapentaenoico*

Contexto: “Ácidos grasos ω 3: esta familia deriva del ácido alfa linolénico (ALA) y está formado por el ALA, el ácido eicosapentanoico (EPA) y ácido docosahexanoico (DHA).”

Fonte:

Módulo 1 Alimentación, nutrición y salud

Categoría: unidade terminolóxica

Xénero: masculino

(1b) Equivalente corpus: *acide eicosapentaénoïque*

Contexto: “Les 2 AGPI majeurs ainsi formés sont l’*acide eicosapentaénoïque* (EPA ; 20 :5n-3) et l’*acide docosahéxaénoïque* (DHA ; 22 :6n-3).”

Fonte:

[<http://www6.inra.fr/ciag/Revue/Volumes-publies-en-2010/Volume-10-Novembre-2010>]

Categoría: unidade terminolóxica

Xénero: masculino

(2a) Texto orixe: *almacenarse en el tejido (adiposo)*

Contexto: “Además forman las bicapas lipídicas de las membranas celulares (función estructural) así como actúan como protectores térmicos y mecánicos (tejido adiposo en las plantas de pies y manos) ejerciendo de aislantes *almacenándose en el tejido adiposo.*”

Fonte:

Módulo 1 Alimentación, nutrición y salud

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo verbal

(2b) Equivalente corpus: *s’accumuler dans le tissu (adipeux)*

Contexto: “En accord avec les principes généraux de la thermodynamique, l’excès d’énergie *s’accumule* sous formes de graisses (triglycérides) *dans le tissu adipeux*, sous-cutané ou viscéral (autour des organes internes), procurant un isolement thermique et formant une réserve de ‘combustible métabolique’.

Fonte:

[<https://books.google.fr/books?id=d5hfPZ8YMXcC&pg=PA610&lp-g=PA610&dq=s%C2%B4accumule+dans+le+tissu+adipeux&source=bl&ots=r->

xogdFd7o_&sig=aWwb5WjV87J7THjuTuqx6XTGjIc&hl=es&sa=X&ved=0ahUKEwjOmYGH_LfJAhVCAxoKHasxCQU4ChDoAQhDMAY#v=onepage&q=s%C2%B4accumule%20dans%20le%20tissu%20adipeux&f=false]

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo verbal

(3a) Texto orixe: *alteración de la respuesta inmune*

Contexto: “Por esto se la asocia con la prevención de diversas patologías como cáncer, cataratas, diabetes, *alteración de la respuesta inmune*, alzheimer, o anomalías del sistema neuromuscular.”

Fonte:

Módulo 1 Alimentación, nutrición y salud

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo nominal

Xénero: feminino

(3b) Equivalente corpus: *altération des mécanismes de défense*

Contexto: “Nickerson [23] a démontré, chez l’homme, une *altération des mécanismes de défense* [...].”

Fonte:

[https://books.google.fr/books?id=irp19d1COqcC&pg=PA76&lpg=PA76&dq=alt%C3%A9ration+des+m%C3%A9canismes+de+d%C3%A9fense&source=bl&ots=WxUwg8bPGJ&sig=JZHn6q9oI6N5fsGyxL5jUPEsSIM&hl=es&sa=X&ved=0ahUKEwiQ5OnF_bfJAhUCthoKHZIBCMQQ6AEISjAG#v=onepage&q=alt%C3%A9ration%20des%20m%C3%A9canismes%20de%20d%C3%A9fense&f=false]

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo nominal

Xénero: feminino

(4a) Texto orixe: *aminoácidos azufrados*

Contexto: “Molibdeno: Actúa como cofactor de enzimas en el metabolismo de pirimidinas, purinas y *aminoácidos azufrados*.”

Fonte:

Módulo 1 Alimentación, nutrición y salud

Categoría: unidade terminolóxica

Xénero: masculino

(4b) Equivalente corpus: *acides aminés soufrés*

Contexto: “De fait, les protéines animales, en raison de leur teneur relativement élevée en *acides aminés soufrés* et de leur prédominance dans la ration (> 50%

des protéines totales), sont considérées comme acidifiantes, car susceptibles de générer des ions sulfates.”

Fonte:

[<http://www.alimentation-sante.org/wp-content/uploads/2013/05/Etat-des-lieuxAlimAB.pdf>]

Categoría: unidade terminolóxica

Xénero: masculino

(5a) Texto orixe: *degeneración de los tubos seminíferos*

Contexto: “Además su deficiencia puede producir alteraciones en la piel, disminución del peso, petequias y hemorragias, *degeneración de los tubos seminíferos* y fallos en la reproducción, cambios en las membranas y aumento del colesterol hepático.”

Fonte:

Módulo 1 Alimentación, nutrición y salud

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo nominal

Xénero: feminino

(5b) Equivalente corpus: *dégénérescence des tubes séminifères*

Contexto: “Certains fongicides carbamates ont aussi une toxicité sur le testicule : de très fortes doses produisent une azoospermie, une *dégénérescence des tubes séminifères* et une atrophie secondaires à une occlusion des canaux déférents.”

Fonte:

[http://www.centres-antipoison.net/lyon/Vigitox43/Vigitox_N43.pdf]

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo nominal

Xénero: feminino

(6a) Texto orixe: *en cantidades traza*

Contexto: “MICRONUTRIENTES: los nutrientes que nuestro cuerpo necesita ingerir [...] *en cantidades traza* que son imprescindibles para el buen funcionamiento del organismo.”

Fonte:

Módulo 1 Alimentación, nutrición y salud

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo preposicional

(6b) Equivalente corpus: *en quantités infimes*

Contexto: “L’ADN de ces traces étant généralement *en quantités infimes* et parfois dégradé, il est fréquent que les profils ADN obtenus soient des profils partiels.”

Fonte:

[https://books.google.fr/books?id=Tk0Pvve4AAIC&pg=PA167&lp-g=PA167&dq=en+quantit%C3%A9s+de+traces&source=bl&ots=J_fL-DP4Hwo&sig=4E0SjJr5z9rONQin-g_tgWin8QY&hl=es&sa=X&ved=0ahUKEwi4iYmsw7PJAhWH1RoKHbk9C6AQ6AEIOzAI#v=onepage&q=en%20quantit%C3%A9s%20de%20traces&f=false]

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo preposicional

(7a) Texto orixe: *frecuencia de las deposiciones*

Contexto: “En conjunto, algunos de los efectos fisiológicos que presenta es el aumento de saciedad, aumento del bolo fecal y de la velocidad de tránsito ayudando a absorber agua, pudiendo actuar como laxante, aumentando la *frecuencia de las deposiciones*, es capaz de absorber diversas sustancias como el colesterol [...]”

Fonte:

Módulo 1 Alimentación, nutrición y salud

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo nominal

Xénero: feminino

(7b) Equivalente corpus: *fréquence des selles*

Contexto: “Début de l’inconfort ou des douleurs abdominales associé à une modification de la fréquence des selles et/ou par jour.”

Fonte:

[<http://www.repere-medical.com/article-387.html>]

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo nominal

Xénero: feminino

(8a) Texto orixe: *maduración de eritrocitos*

Contexto: “Cianocobalamina (B₁₂): Es esencial para en el metabolismo de todas las células, especialmente en las del tubo digestivo, médula ósea y tejido nervioso, participando en la síntesis de DNA, metabolismo de algunos aminoácidos, *maduración de eritrocitos*, metabolismo del ácido fólico [...]”

Fonte:

Módulo 1 Alimentación, nutrición y salud

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo nominal

Xénero: feminino

(8b) Equivalente corpus: *maturation des globules rouges*

Contexto: “L’érythroïétine est une hormone que produisent normalement les reins et le foie. Elle favorise la *maturation des globules rouges*.”

Fonte:

[<http://www.cpoq.org/pathologies/fichiers/ANEMIE.pdf>]

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo nominal

Xénero: feminino

(9a) Texto orixe: *potenciar la acción (de la insulina)*

Contexto: “Además algunos de los complejos que forma *potencian la acción de la insulina*, por lo que se les conoce como “factor de tolerancia a la glucosa.”

Fonte:

Módulo 1 Alimentación, nutrición y salud

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo verbal

(9b) Equivalente corpus: *renforcer l’action de l’insuline*

Contexto: “De plus, lors d’une activité physique, les muscles brûlent une quantité importante de sucre, ce qui *renforce l’action de l’insuline* et optimise l’utilisation des sucres et des graisses par l’organisme.”

Fonte:

[<https://www.dinnosante.fr/fre/33/sport/diabete-sport-et-activite-physique-trouver-le-juste-equilibre>]

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo verbal

(10a) Texto orixe: *regular el pH*

Lingua: Española

Contexto: “Sodio: *Regula* la osmolaridad extracelular, el volumen de fluidos y *el pH*.”

Fonte:

Módulo 1 Alimentación, nutrición y salud

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo verbal

(10b) Equivalente corpus: *maintenir l'équilibre acide-base*

Contexto: “Le métabolisme cellulaire de l'organisme produit 50 à 100 mmol/jour d'ions H+ par jour qu'il faut éliminer pour *maintenir l'équilibre acide-base*.”

Fonte:

[<http://medidacte.timone.univ-mrs.fr/webcours/Comite-etudes/ItemsENC/sitelocal/disciplines/niveaudiscipline/niveaumodule/Item219/leconimprim.pdf>].

Categoría: unidade fraseolóxica de núcleo verbal

As distintas equivalencias propostas para cada unidade merecen uns comentarios que expoñemos a continuación:

- *ácido eicosapentaenoico*: máis alá do problema que pode supor o descoñecemento do concepto en si mesmo, esta unidade terminolóxica é susceptible de xerar dúbidas en canto á súa ortografía en lingua francesa: *acide eicosapentaénoïque*.
- *almacenarse en el tejido (adiposo)*: neste caso concreto, o problema de tradución da unidade fraseolóxica xorde dun uso metafórico. A procura e a posterior análise de textos comparables revelan que existen distintas opcións en lingua francesa: *s'accumuler dans le tissu adipeux, se loger dans le tissu adipeux* e, incluso, *se loger dans le tissu grassex*.
- *alteración de la respuesta inmune*: varios equivalentes son posibles para traducir a unidade: *altération de la réponse immunitaire, altération des mécanismes de défense* ou *modification de la réponse immunitaire*.
- *aminoácidos azufrados*: o problema consiste en como traducir o elemento constitutivo *azufrados* dentro da unidade *aminoácidos azufrados*. Os textos comparables revelan que a tradución idónea é: *acides aminés soufrés*.
- *degeneración de los tubos seminíferos*: neste caso tamén, existen varios termos para a tradución da unidade: *dégénérescence des tubes séminifères* o *dégénération des tubes séminifères*. Se se ten en conta o rexistro do texto meta, ambas as variantes terminolóxicas son posibles.
- *en cantidades traza*: a primeira dificultade radica en atopar a significación de *traza* en español. O elemento *traza* ou *micronutriente* refírese a un composto químico indispensable en cantidades ínfimas para garantir o bo crecemento e desenvolvemento do organismo. A posterior procura de equivalentes ofrece dúas opcións empregadas indistintamente en discursos especializados: *en quantités infimes* ou *en quantité trace*.
- *frecuencia de las deposiciones*: existe a posibilidade de elixir entre varios equivalentes. Do mesmo xeito, en discursos especializados atópase *fréquence des selles*, pero tamén *fréquence des défécations, fréquence des émissions fécales*.
- *maduración de eritrocitos*: o termo español *maduración* é un préstamo adaptado do termo inglés *maturation*. En francés, tamén existe esta posibilidade coa adopción do

termo *maturation*, que se utiliza en textos cun alto grao de especialización, debido a que os expertos adquiren terminoloxía a partir da lingua inglesa, que é lingua de innovación, xa que desta proceden as denominacións dos novos conceptos da ciencia e a tecnoloxía. Con ela familiarízanse e adaptación a súa propia lingua por facilidade ou factibilidade. Neste caso, referímonos a unha situación de adaptación. A busca de equivalentes sinala o termo *maturation des globules rouges* como adecuado para o texto meta. Ademais de *maturation*, identificamos como equivalente alternativo *parvenir à maturité: érythrocytes parvenus à maturité*³.

- *potenciar la acción de la insulina*: no contexto do texto orixe, é inadecuado traducir *potenciar* por *favoriser*. Os textos comparables consultados indican claramente que o equivalente apropiado é *renforcer*.
- *regular el pH*: da mesma forma que no caso anterior, non se pode traducir *regular* por *régler*. Os posibles equivalentes que se postulan son *maintenir l'acide-base* o *maintenir le pH*.

5. Conclusións

A descrición e a análise das unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas dun texto procedente do ámbito específico dos alimentos funcionais e nutracéuticos, cuxa finalidade é ser traducido ao francés no marco dunha encomenda de tradución puntual, constituíron os obxectivos marcados deste artigo. Deste xeito, esas unidades lingüísticas, expresión dos nós cognitivos textuais, desenvolven un papel clave no proceso de transferencia entre linguas e culturas e, polo tanto, o tradutor debe controlalas para evitar que entorpezan a comprensión do discurso orixe e a súa subsecuente reformulación, dificultando así a entrega dun texto meta eficiente e de calidade para a cultura receptora; é dicir, dun texto natural, como se non resultase dunha tradución e fose confeccionado na propia cultura en cuestión. Este artigo fixo fincapé nas fases clave que deben seguirse en todo proceso de tradución enfocado a lograr este obxectivo. Estas fases de corte descritivo refírense á encomenda de tradución, ás unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas do texto orixe, aos textos comparables para a elaboración dun corpus *ad hoc* e aos equivalentes seleccionados a partir destes textos. A descrición da encomenda de tradución realizouse mediante unha descrición do texto orixe, considerándose determinados factores: os trazos convencionais, a función textual, os elementos da situación comunicativa, a influencia do contexto sociocultural e os elementos intratextuais. Da mesma maneira, definiuse e delimitouse o texto meta tendo en conta as súas funcións, os receptores e a figura do cliente da tradución. A etapa descritiva das unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas desenvolveuse ao redor da selección de unidades susceptibles de expor problemas de tradución. A fase seguinte fundamentouse na necesidade de documentación por parte do tradutor, dando lugar á descrición de

³ Fonte do termo: [<http://curie.fr/sites/default/files/leucemie-decembre2005.pdf>].

textos comparables para a confección dun corpus *ad hoc*. A última fase centrouse na exposición e explicación dos equivalentes extraídos dos textos comparables.

Este artigo presenta, polo tanto, unha forte implicación didáctica, xa que establece pautas de abordaxe de textos para a súa tradución e tenta crear unha ponte entre as materias de Terminoloxía e Tradución Especializada que, de ningunha forma, se poden ver como compartimentos estancos, senón como un *continuum* que garante eficiencia e calidade. En efecto, a terminoloxía aplicada contribúe estreitamente a enriquecer o coñecemento das linguaxes especializadas e axuda á realización da encomenda de tradución de textos especializados.

Anexos. Estructuras morfolóxicas das unidades identificadas

Unidades terminolóxicas

Unidades terminolóxicas: N + A

acción hipotensora	estructura química	osmolaridad intracelular
acción vasodilatadora	estructuras alargadas	parte hidrofílica
ácido ascórbico	estructuras animais	parte hidrofóbica
ácido dehidroascórbico	estructuras vegetales	polisacáridos digeribles
ácido docosahexanoico	fenómenos químicos	presión arterial
ácido eicosapentanoico	fibra alimentaria	productos dietéticos
ácido fólico	fibra insoluble	productos lácteos
ácido linoleico	fibra soluble	productos líquidos
ácido oleico	forma oxidada	productos naturales
ácido pantoténico	fuelle energética	productos precocinados
ácidos biliares	función defensiva	productos sólidos
ácidos grasos	función energética	productos transformados
ácidos poliinsaturados	función enzimática	protectores térmicos
agregación plaquetaria	función homeostática	proteínas conjugadas
alimentación adecuada	función mecánica	proteínas fibrosas
alimentación equilibrada	función plástica	proteínas globulares
alimentación humana	función principal	raciones diarias
alimentación variada	función reguladora	raciones ocasionales
alimentos proteicos	funciones intestinales	raciones semanales
alimentos vegetales	funciones vitales	reactividad química
aminoácidos azufrados	grasa animal	reserva energética
aminoácidos esenciais	grasa sólida	respiración celular
anemia megalobástica	grasas saturadas	sales biliares
aprovechamiento energético	grupo carboxilo	ser vivo

base nitrogenada	grupo fosfato	similitudes químicas
cadena hidrocarbonada	grupo funcional	síntesis proteica
circulación sanguínea	grupo proteico	sistema inmune
compuestos asociados	hormonas esteroideas	sistema inmunitario
compuestos orgánicos	hormonas tiroideas	sistema nervioso
compuestos químicos	industria alimentaria	sistema neuromuscular
consumo diario	irradiación solar	soluciones ácidas
consumo humano	jugos gástricos	soluciones alcalinas
contracción cardíaca	lípidos compuestos	sustancias tóxicas
contracción muscular	luz ultravioleta	tejido adiposo
crecemento celular	medios acuosos	tejido epitelial
cuerpo humano	médula ósea	tejido nervioso
desmineralización ósea	metabolismo orgánico	tubo digestivo
dieta diaria	microbiota intestinal	valor biolóxico
división celular	moléculas orgánicas	vitamina esencial
efectos beneficiosos	mucosa intestinal	vitamina inestable
efectos fisiolóxicos	necesidades diarias	vitamina termolábil
enlace peptídico	nutrición humana	vitaminas hidrosolubles
enzimas digestivas	nutrición saludable	vitaminas liposolubles
especie humana	osmolaridad extracelular	

Unidades fraseolóxicas especializadas

Unidades de núcleo verbal

absorber agua	elaborar las proteínas	mantener el equilibrio
actuar como antioxidante	elegir los alimentos	mantener el pH
alimentarse para vivir	endurecer el esmalte	nacer con bajo peso
almacenarse en el tejido (adiposo)	estabilizar la estructura	participar en la síntesis
aportar los aminoácidos	fabricar vitamina	poseer un grupo
aumentar la densidad	facilitar la absorción	potenciar la acción
clasificar lípidos	favorecer la eliminación	prevenir la aparición
comportarse como antipáticas	fixar el calcio	producir alteraciones
conferir elasticidad	formar cadenas	promover la absorción
conferir resistencia	formar la hemoglobina	proporcionar vitaminas
contener nitrógeno	funcionar como cofactores	regular el pH
crear los anticuerpos	influir en el crecimiento	reparar tejidos
criar animales	ingerir cantidades	resistir la hidrólisis

describir los compuestos	inhibir la agregación	tener doble enlaces
desempeñar una función estructural	intervenir en la síntesis	transportar oxígeno
ejercer un efecto	intervenir en reacciones	

Unidades de núcleo nominal

N + SP⁴

absorción del calcio	formas de nutrirse ⁴	proceso de hidrogenación
aceite de palma	fragilidad de los huesos	procesos de coagulación
activación de enzimas	frecuencia de las deposiciones	procesos de digestión
actor de tolerancia	función de transporte	producción de energía
agua de riego	grasa de la dieta	producción de melanina
biosíntesis de colágeno	grupos de alimentos	proteína de la dieta
cadena de aminoácidos	grupos de nutrientes	secreción de glándulas
calidad de la proteína	maduración de eritrocitos	semillas de las plantas
calidad de vida	mantenimiento de la piel	síntesis de glucosa
cambios en la alimentación	membranas de las células	síntesis de hierro
células del organismo	metabolismo de la glucosa	síntesis de la hemoglobina
cicatrización de las heridas	metabolismo de las grasas	síntesis de prostaglandinas
coagulación de la sangre	metabolismo de macronutrientes	síntesis de proteínas
cofactor de enzimas	molécula de glicerol	transferencia de sustancias
combustible para el cerebro	nutrientes en la dieta	transporte de oxígeno
deglución de alimentos	obtención de energía	transporte en sangre
disminución del peso	osteomalacia en adultos	Velocidad de tránsito
estado de conservación	pirámide de los alimentos	vitamina de la coagulación
formación de tejidos	precursor de prostaglandinas	volumen de fluidos
formas de alimentarse	prevención de patologías	

N + SP (de estrutura complexa: SP composto por P + SN, onde SN é N + A)

alimentos de origen vegetal	metabolismo del ácido araquidónico
alteración de la respuesta inmune	pirámide de la hidratación saludable
aumento del bolo fecal	práctica del ejercicio físico
degeneración de los tubos seminíferos	proteínas de origen animal
energía de la dieta humana	transmisión del impulso nervioso
formación de glóbulos rojos	transporte por las membranas celulares
funcionamiento del sistema inmunológico	vegetales de hojas verdes
malformación de la espina bífida	

⁴ Optamos por colocar as unidades fraseolóxicas de núcleo nominal *formas de alimentarse e formas de nutrirse* coas demais unidades de estrutura N+SP, aínda que o SP de ambas as unidades está composto por un verbo pronominal infinitivo en vez dun N.

N + SP (de estrutura complexa: SP composto por P + SN, onde SN é N + A + A)

colágeno del tejido conjuntivo fibroso
proteínas de valor biológico alto
proteínas de peso molecular bajo

N + SP (de estrutura complexa por coordinación)

concentración de sodio y potasio
conceptos de alimentación y nutrición
formación de huesos y dientes
plantas de pies y manos

N + Sintagma Participial composto por Participio + SP

hormonas derivadas del colesterol

N + SA, onde SA está composto por A + SP

albúminas solubles en agua
sustancias integrantes de los alimentos

SN + A, onde SN está composto por N + A

ácidos grasos cis
ácidos grasos insaturados
ácidos grasos monoinsaturados
ácidos grasos saturados
ácidos grasos trans
derivados piridínicos interconvertibles
hormonas sexuales femeninas

SN + SP (SP estrutura complexa constituído por P + SN)

ácidos grasos de cadena larga
bicapas lipídicas de las membranas celulares
reacciones químicas del metabolismo celular
secreciones endógenas del tracto digestivo

SN + A

estado de salud óptimo

SN + SA, onde SA é A + SP

proteínas fibrosas insolubles en agua
proteínas fibrosas resistentes a las enzimas

Unidades de núcleo preposicional

en cantidades traza

6. Referencias bibliográficas

- AGUADO DE CEA, Guadalupe (2007): “A multiperspective approach to specialized phraseology: Internet as a reference corpus for phraseology” en POSTEGUILLO, Santiago, ESTEVE, María José e GEA-VALOR, María Luisa (eds.): *The Texture of Internet: Netlinguistics in Progress*. Cambridge: Cambridge Scholars Publishing; 182-207.
- ÁLVAREZ LUGRÍS, Alberto (2013): “Elaboración de un corpus para la investigación en T & I” en MONTERO DOMÍNGUEZ, Xoán (ed.): *Traducción para la comunicación internacional*. Granada: Editorial Comares; 3-19.
- BEVILACQUA, Cleci Regina (2004): *Unidades Fraseológicas Especializadas Eventivas: descripción y reglas de formación en el ámbito de la energía solar*. Tese de doutoramento. Barcelona: Universidad Pompeu Fabra. [http://www.ufrgs.br/termisul/biblioteca/teses/tese_DOUTORADO_2004_BEVILACQUA.pdf]. [6.7.2015].
- CABRÉ CASTELLVÍ, María Teresa (1999): *La terminología: representación y comunicación. Una teoría de base comunicativa y otros artículos*. Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada. Universitat Pompeu Fabra.
- (2000): “Terminologie et linguistique: la théorie des portes” en *Terminologies nouvelles. Terminologie et diversité culturelle* 21; 10-15.
- (2008): “El principio de poliedricidad. La articulación de lo discursivo, lo cognitivo y lo lingüístico en Terminología (I)” en *Ibérica. Revista de la Asociación Europea de Lenguas para Fines Específicos (AELFE)* 16; 9-36.
- CORPAS PASTOR, Gloria (2001): “Compilación de un corpus ad hoc para la enseñanza de la traducción inversa especializada” en *Trans. Revista de Traductología* 5; 155-184.
- (2003): *Diez años de investigación en fraseología: análisis sintáctico-semánticos, contrastivos y traductológicos*. Fráncfort/Madrid: Vervuert/Lingüística Iberoamericana.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Áurea (2013): “La terminología en/para la traducción de textos especializados” en MONTERO DOMÍNGUEZ, Xoán (ed.): *Traducción para la comunicación internacional*. Granada: Editorial Comares; 21-40.
- GAMERO PÉREZ, Silvia (2001): *La traducción de textos técnicos: descripción y análisis de textos (alemán-español)*. Madrid: Ariel.
- JAKOBSEN, Arnt Lykke (2002): “Translation drafting by professional translators and by translation students” en SÁNCHEZ TRIGO, Elena e DÍAZ FOUCHES, Óscar (eds.): *Traducción & Comunicación* v. 3. Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións; 89-103.
- LORENTE CASAFONT, Mercè (2002): “Terminología y fraseología especializada: del léxico a la sintaxis” en GUERRERO RAMOS, Gloria e PÉREZ LAGOS, Manuel Fernando (coords.): *Panorama actual de la terminología*. Granada: Editorial Comares (colección Interlingua); 159-179.
- LORENTE CASAFONT, Mercè; BEVILACQUA, Cleci Regina e ESTOPÀ, Rosa (1998): “El análisis de la fraseología especializada mediante elementos de la

- lingüística actual” en *Actas del VI Simposio Iberoamericano de Terminología* (La Habana). Lisboa: Unión Latina.
- MAYORAL ASENSIO, Roberto (1996): “La traducción comercial: estrategias de traducción en razón a la disponibilidad de las fuentes de referencia terminológicas y textuales”. Intervención no V Curso Superior de Traducción Inglés/Español. Valladolid: Universidad de Valladolid.
[http://www.ugr.es/~rasensio/docs/Referencia_Comercial.pdf] [17.11.2016]
- (1997-1999): “La traducción especializada como operación de documentación” en *Sendeban. Revista de la Facultad de Traducción e Interpretación* 8-9, 137-154.
- MOGORRÓN HUERTA, Pedro; GALLEGO HERNÁNDEZ, Daniel; MASSEAU, Paola e TOLOSA IGUALADA, Miguel (eds.) (2013): *Fraseología, opacidad y traducción*. Frankfurt am Main, Berlin, Bern, Bruxelles, New York, Oxford, Wien: Peter Lang.
- MONTERO MARTÍNEZ, Silvia; FABER BENÍTEZ, Pamela e BUENDÍA CASTRO, Miriam (2011): *Terminología para traductores e intérpretes: una perspectiva integradora*. Granada: Ediciones Tragacanto.
- NORD, Christiane (1991): *Text Analysis in translation: theory, methodology and didactic application of a Model for translation oriented text analysis*. Amsterdam: Atlanta, G. A.
- (1997): *Translating as a purposeful activity*. Manchester: St Jerome Publishing.
- POIRIER, Éric (2003): “Conséquences didactiques et théoriques du caractère conventionnel et arbitraire de la traduction des unités phraséologiques” en *Meta* 48 (3); 402-410.
- TRICÁS PRECKLER, Mercedes (1995): *Manual de traducción Francés-Castellano*. Madrid: Gedisa.

...do. Cabeceira...
...ndo os toxos boten uvas.
...ito (a alguén). Chove-lo
...sa a galiña morta. Como
...us é bo pero o demo non
...s nun zapato. Estar coma
...ia. Estar entre o caldeiro
...re dálle que dálle. Estar
...ercala na praza. Falar do
...o. Gañar cos dentes para
...un. Haber mar de fondo.
...esta. Ir... Máis se
...medio.
...la-la p...
...a na vir...
...er cura...
...mpás
...ga do mar. Os tempos son
...o aire do morto. Pola fresca.
...e a auga na horta. Querer
...do galego. Saír dun souto e
...én). Se o fillo sae ó pai saca
...e onte pra acá. Ser coma as
...sa grande. Ser máis os nenos
...an merendeiro. Te-la antena
...na Habana. Ter (algo) na

A cera que vai...
...a cera. Andar mal do tellado. Anaar no...
...moita andada. Aristocracia do pan de millo. Botar pan ó
...Cambia-los ollos polo rabo. Cambiarlle a auga ó motor. C
...Canta-lo peixe. Cargar para Navia. Chegarlle o mar ó p
...mar chovido. Chover coma nas películas. Coller unha co
...Deus o trouxo ó mundo. Darlle ó trapo. Dar que falar. I
...é malo. Empreñar do aire e parir do vento. Estar coma t
...un can. Estar coma un congro /unha uva. Estar en Ba
...e a cruz. Estar na aldea e non ve-las casas. Estar sen
...sempre ó remo. Facer unha América. Falar da caza e
...mar e nel non entrar. Falar ó caso. Forte coma un bu
...comer coas enxivas. Gustarlle as cousas moi dereitas
...Haber un formigueiro de xente. Ir coma un rei nunha
...perdeu na guerra de Cuba. Mandar a un a Noia. Mar p
...da Garda. Meter un trifásico. Molla-la palabra. M
...Mondoñedo. No tempo de María Castaña. Non che me
...do caso. Non poñe-los ovos todos na mesma cesta. Non
...e non saber onde as tocan. Ollos verdes coma a a
...chegados. Pasa-la Cruz de Ferro. Petar na porta. Pilla
...Poñer neve no mes de agosto. Quere-lo sol na port
...atranca-lo ceo coas pernas. Radio Disque. Requisit
...meterse noutro. Saírlle o río Anllóns polos ollos (a al
...de dúbidas a nai. Se-lo negocio da ameixa. Señores
...nitas que poñen fóra. Ser da primeira apana. Ser de c
...de cocer en branco. Ser un

